Colección de guías prácticas de feridas do Servizo Galego de Saúde

Guía práctica de lesións por queimadura. Guía nº 5



XUNTA DE GALICIA

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE SANIDADE

COLECCIÓN DE GUÍAS PRÁCTICAS DE FERIDAS DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

GUÍA PRÁCTICA DE LESIÓNS POR QUEIMADURA

Guía Nº 5

Xunta de Galicia
Consellería de Sanidade
Servizo Galego de Saúde
Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria
2016

Edita: Xunta de Galicia
Consellería de Sanidade
Servizo Galego de Saúde
Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria

Diseño e maquetación: Versal Comunicación, S.L.

Ano: 2016

Licencia Creative Commons Attribution-ShareAlike 4.0 International (CC BY-SA 4.0)
http://creativecommons.org/licenses/by-sa/4.0/

COLECCIÓN DE GUÍAS PRÁCTICAS DE FERIDAS DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

— Nº 1 Úlceras por presión

— Nº 2 Úlceras da extremidade inferior

— Nº 3 Pé diabético

— Nº 4 Lesións cutáneas neoplásicas

— **Nº 5 LESIÓNS POR QUEIMADURA**

— Nº 6 Ferida cirúrxica aguda

— Nº 7 Lesións cutáneas asociadas á humidade

— Nº 8 Feridas traumáticas

Úlceras Fóra!
Servizo Galego de Saúde

Programa Úlceras Fóra. Servicio Gallego de Salud (Sergas), 2016

PRESENTACIÓN

Por todos é coñecido que a abordaxe das úlceras e feridas leva implícito un problema de saúde de gran magnitude pola perda da calidade de vida nos pacientes, pola repercusión que ten nas súas familias e coidadores e tamén pola carga de traballo que supoñen os seus coidados aos profesionais sanitarios. A isto hai que engadirlle o sobrecusto económico que supón para a sustentabilidade do sistema sanitario.

Desde o Servizo Galego de Saúde (SERGAS), somos conscientes da importancia e impacto asistencial dunha adecuada xestión da prevención e tratamento deste tipo de lesións; polo que desde hai anos e de xeito mais intensivo dende a Subdirección Xeral de Ordenación Asistencial e Innovación Organizativa a través do Servizo de Integración Asistencial, estase a traballar por mellorar a estrutura, recursos e condicións necesarias para tratar de normalizar e sistematizar a actividade asistencial derivada do devandito proceso de coidados.

O **Programa Úlceras Fóra** constitúese no marco de referencia para desenvolver e establecer as liñas estratéxicas na abordaxe de todo o relacionado coas úlceras e as feridas, e inclúe como un dos seus obxectivos esencias o establecer criterios asistenciais comúns (para a identificación do risco, a valoración de lesións, o establecemento de medidas preventivas, de terapias, a utilización de produtos, o seguimento, o rexistro etc.) que posibiliten avanzar cara á unificación de criterios e da correspondente redución da variabilidade clínica para este tipo de lesións.

É por iso que a presente **Colección de guías prácticas de feridas do Servizo Galego de Saúde**, describe o esforzo e o entusiasmo de moitos profesionais (enfermeiras e médicos) por mellorar a súa práctica clínica no coidado e na abordaxe integral dos pacientes afectados por úlceras e feridas, ou con risco de padecelas, co fin de incorporar a mellor evidencia dispoñible do momento cara á consecución dunha mellora da calidade asistencial e seguridade do paciente.

Jorge Aboal Viñas
Director Xeral de Asistencia Sanitaria
Servizo Galego de Saúde

PREFACIO

Esta guía de práctica foi elaborada coa participación de profesionais da saúde de atención primaria e atención hospitalaria do Servizo Galego de Saúde (Sergas) e revisada por profesionais expertos na materia e institucións científicas de ámbito nacional, baixo a coordinación da Subdirección Xeral de Ordenación Asistencial e Innovación Organizativa e da Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria do Sergas.

As recomendacións de práctica clínica baseada na evidencia que se inclúen nesta guía son de carácter xeral, polo que non definen un curso único de conduta para seguir nun procedemento ou tratamento para o coidado integral que se pretende realizar. Calquera modificación ou variación das recomendacións aquí establecidas deberá basearse no xuízo clínico (evidencia interna) do profesional sanitario que as aplica e das mellores prácticas clínicas do momento, así como nas necesidades específicas e preferencias de cada paciente en particular, nos recursos dispoñibles no momento da atención sanitaria e na normativa establecida pola institución ou centro sanitario onde se pretende aplicar.

DIFUSIÓN E IMPLEMENTACIÓN

A difusión e a estratexia de implementación desta guía práctica; así como, de toda a Colección de guías prácticas de feridas do SERGAS, coordinarase a través do Programa Úlceras Fóra; é dicir, polo Servizo de Integración Asistencial, da Subdirección Xeral de Ordenación Asistencial e Innovación Organizativa, do Servizo Galego de Saúde.

O proceso de difusión supón unha presentación protocolaria na Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia, a presentación oficial en todas as institucións públicas da rede sanitaria do Servizo Galego de Saúde, a difusión dun comunicado oficial aos medios de comunicación, a súa divulgación en eventos científicos e a difusión en internet a través da nosa web oficial.

VIXENCIA E ACTUALIZACIÓN

A guía deberá ser revisada transcorridos tres anos desde a data da súa publicación. A súa actualización poderá realizarse antes de finalizar o devandito período, se algunha das recomendacións de evidencia modifica a súa categorización e pode supoñer un risco clínico de seguridade para o paciente e/ou afectar a calidade asistencial.

DECLARACIÓN DE CONFLITOS DE INTERESE E INDEPENDENCIA EDITORIAL

Os autores desta guía práctica declaran que fixeron un esforzo para se aseguraren de que a información aquí contida sexa completa e actual, e que non foron influídos por conflitos de intereses que puidesen cambiar os resultados ou contidos durante a etapa da súa elaboración e desenvolvemento. Así mesmo, os autores da guía asumen a responsabilidade do contido expresado, que inclúe evidencias e recomendacións.

Os editores da Colección de guías prácticas de feridas do Servizo Galego de Saúde declaran a existencia de independencia editorial en canto ás decisións tomadas pola dirección técnica e os coordinadores do grupo de traballo.

AVALIACIÓN E CLASIFICACIÓN DA EVIDENCIA

As evidencias científicas e recomendacións expostas nesta guía práctica foron o resultado da avaliación e da análise das fontes de información bibliográfica consultadas como referentes (guías de práctica clínica, guías baseadas na mellor evidencia, outros documentos baseados na evidencia, revisións sistemáticas e artigos orixinais) para a súa elaboración polo método de lectura crítica e consenso por grupo nominal entre autores e panel de expertos.

A clasificación do nivel de evidencia e gradación das recomendacións mantívose respectando a fonte orixinal consultada e a escala de evidencia que utilizou. Para iso, seguiuse ou método que desenvolve o CENETEC (Centro Nacional de Excelencia Tecnolóxica en Saúde) de México na elaboración das súas guías de práctica clínica (GPC):

- Clasificar co símbolo **[E]** aquelas evidencias que aparecen publicadas nalgunha GPC, seguidas pola súa clasificación alfanumérica (calidade do estudo, se está referenciada) e cita bibliográfica.
- Categorizar co símbolo **[R]** aquelas recomendacións identificadas por algunha GPC, seguidas pola súa forza de recomendación (por niveis A-B-C-D, en orde decrecente segundo a importancia clínica, ou pola súa gradación en alta-moderada-baixa evidencia).
- Identificar co símbolo **[BP]** aquelas accións e/ou actividades consideradas como boas prácticas que non están referenciadas ou avaladas por ningunha GPC, pero que aparecen noutros documentos baseados na evidencia (guías de boas prácticas clínica, vías clínicas, protocolos baseados na evidencia etc.) e cuxa evidencia se obtivo a través de revisións sistemáticas, metaanálises, ensaios clínicos etc.

As escalas sobre o nivel de evidencia e o grao de recomendacións que se describen nos contidos desta guía práctica pódense consultar a través das fontes bibliográficas referenciadas na táboa resumo de recomendacións/evidencias.

GUÍA PRÁCTICA DE LESIÓNS POR QUEIMADURA

GUÍA PRÁCTICA Nº 5

Colección de guías prácticas de feridas do Servizo Galego de Saúde

ÍNDICE

01. RELACIÓN DE AUTORES, COORDINADORES E REVISORES | 16 |

02. INTRODUCIÓN | 18 |
- 2.1. Xustificación | 18 |
- 2.2. Alcance e obxectivos | 18 |
- 2.3. Preguntas para responder | 19 |

03. DEFINICIÓN | 20 |

04. EPIDEMIOLOXÍA | 21 |

05. CLASIFICACIÓN | 22 |
- 5.1. Segundo a profundidade | 22 |
- 5.2. Segundo a etioloxía | 25 |
- 5.3. Segundo a extensión | 25 |

06. ETIOPATOXENIA. FACTORES PREDISPOÑENTES. DIAGNÓSTICO | 29 |

07. DIRECTRICES XERAIS DE TRATAMENTO. EVIDENCIAS E RECOMENDACIÓNS | 31 |
- 7.1. Atención prehospitalaria | 31 |
- 7.2. Atención hospitalaria | 38 |

08. QUEIMADURAS ESPECIAIS. CONSIDERACIÓNS DE TRATAMENTO | 47 |
- 8.1. Queimaduras eléctricas | 47 |
- 8.2. Queimaduras químicas | 49 |
- 8.3. Lesións por extravasación de contraste ou citostáticos | 51 |

09. DIRECTRICES XERAIS DE PREVENCIÓN. EVIDENCIAS E RECOMENDACIÓNS | 56 |

10. RESUMO DAS RECOMENDACIÓNS DE EVIDENCIA | 58 |

11. BIBLIOGRAFÍA | 61 |

12. ANEXOS | 64 |

01 RELACIÓN DE AUTORES, COORDINADORES E REVISORES

DIRECCIÓN TÉCNICA

Programa Úlceras Fóra
Servizo de Integración Asistencial. Subdirección Xeral de Ordenación Asistencial e Innovación Organizativa. Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria. Servizo Galego de Saúde (SERGAS).
programa.ulceras.fora@sergas.es

GRUPO DE TRABALLO

AUTORES DA GUÍA

María Pilar Casteleiro Roca
Facultativa especialista do Servizo de Cirurxía Plástica, Reconstrutiva e Queimados do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña. Estrutura Organizativa de Xestión Integrada da Coruña.
Javier Castro Prado
Enfermeiro de atención primaria. Centro de Saúde "Ambulatorio Praza de Ferrol", Lugo. Estrutura Organizativa de Xestión Integrada de Lugo, Cervo e Monforte de Lemos.

COORDINADORES DA COLECCIÓN DE GUÍAS

José María Rumbo Prieto
Supervisor de Coidados, Investigación e Innovación. Complexo Hospitalario Universitario de Ferrol. Estrutura Organizativa de Xestión Integrada de Ferrol.
Camilo Daniel Raña Lama
Enfermeiro. Centro de Saúde de Labañou. Estrutura Organizativa de Xestión Integrada da Coruña.
María Blanca Cimadevila Álvarez
Xefa do Servizo de Integración Asistencial. Subdirección Xeral de Ordenación Asistencial e Innovación Organizativa. Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria. Servizo Galego de Saúde (SERGAS).
Ana Isabel Calvo Pérez
Técnica do Servizo de Integración Asistencial. Subdirección Xeral de Ordenación Asistencial e Innovación Organizativa. Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria. Servizo Galego de Saúde (SERGAS).
Josefa Fernández Segade
Técnica do Servizo de Integración Asistencial. Subdirección Xeral de Ordenación Asistencial e Innovación Organizativa. Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria. Servizo Galego de Saúde (SERGAS).

REVISORES

Panel de expertos

- **Grupo de Formadores e Referentes en Feridas do Programa Úlceras Fóra do SERGAS**
- **Francisco Pedro García Fernández**
  Enfermeiro. Coordinador da Unidade de Estratexia de Coidados. Complexo Hospitalario de Xaén.
- **Teresa Segovia Gómez**
  Enfermeira. Responsable Unidade Multidisciplinar de Úlceras por Presión e Feridas Crónicas. Hospital Universitario "Puerta del Hierro". Madrid.
- **Carmen Outón Dosil**
  Enfermeira. Complexo Hospitalario Universitario da Coruña. Estrutura Organizativa de Xestión Integrada da Coruña.
- **Leocadio Castells Conejero**
  Enfermeiro. Centro de Saúde Viana do Bolo. Estrutura Organizativa de Xestión Integral de Ourense.

Institucións e sociedades científicas

- **Grupo Nacional para el Estudio y Asesoramiento en Úlceras por Presión y Heridas Crónicas (GNEAUPP)**
- **Asociación Nacional de Enfermería Dermatológica e Investigación del Deterioro de la Integridad Cutánea (ANEDIDIC)**
- **Sociedad Gallega de Heridas (SGH)**
- **Asociación Española de Enfermería Vascular y Heridas (AEEVH)**
- **Sociedad Española de Heridas (SEHER)**
- **Sociedad Gallega de Cirugía Plástica, Reparadora y Estética (SGCPRE)**
- **Federación de Asociaciones de Enfermería Comunitaria y Atención Primaria (FAECAP)**
- **Asociación Gallega de Medicina Familiar y Comunitaria (AGAMFEC)**
- **Sociedad Española de Médicos Generales y de Familia (SEMG)**
- **Academia de Enfermería de Galicia**
- **Colexio Oficial de Enfermería de Lugo**
- **Colexio Oficial de Enfermería de A Coruña**
- **Colexio Oficial de Enfermería de Ourense**
- **Colexio Oficial de Enfermería de Pontevedra**

COMO CITAR O DOCUMENTO

Casteleiro-Roca MP, Castro-Prado J. Guía Práctica de Lesións por Queimadura [Guía Práctica número 5]. En: En: Rumbo-Prieto JM, Raña-Lama CD, Cimadevila-Álvarez MB, Calvo-Pérez AI, Fernández-Segade J, editores. Colección de guías prácticas de feridas do Servizo Galego de Saúde. Santiago de Compostela (A Coruña): Xunta de Galicia. Consellería de Sanidade. Servizo Galego de Saúde; 2016.

02 INTRODUCIÓN

2.1. XUSTIFICACIÓN

A abordaxe das úlceras e feridas leva implícito un problema de saúde de gran magnitude polo sobrecusto económico que supón para os sistemas de saúde, pola perda de calidade de vida nos pacientes, pola repercusión que ten nas súas familias e coidadores (que en moitos casos levan o peso da prevención e a tarefa de coidados) e tamén pola carga de traballo que supoñen os seus coidados para os profesionais sanitarios. Por iso, a toma de decisións sobre a súa abordaxe require ter en conta varias alternativas provenientes de diversas fontes de información (datos clínicos, experiencia profesional, preferencias do paciente, evidencias científicas, protocolos, guías etc.) que, pola súa vez, orixinan unha considerable variabilidade de decisións en función do momento, da información dispoñible e da persoa que decide. Isto dá lugar a unha gran disparidade na actuación dos profesionais en técnicas, probas e habilidades diagnósticas, xuízo clínico e toma de decisións ante un mesmo problema ou paciente e mesmo nun mesmo profesional con relación a pacientes coa mesma clínica e patoloxía.

A presente *Guía práctica de lesións por queimadura* (Guía práctica núm. 5) intégrase dentro da Colección de guías prácticas de feridas do Servizo Galego de Saúde (SERGAS); de acordo coas estratexias e liñas de acción promovida a través do Programa Úlceras Fóra que coordina a Subdirección Xeral de Ordenación Asistencial e Innovación Organizativa. Pola súa vez, esta colección, alíñase en consonancia coa estratexia núm. 10 (Mellorar a práctica clínica), do Plan de Calidade para o Sistema Nacional de Saúde 2010, así como, coa Estratexia SERGAS 2014: A sanidade pública ao servizo dos pacientes.

Polo tanto, esta guía confórmase como unha síntese das mellores intervencións e prácticas preventivas ou terapéuticas dispoñibles para o coidado das persoas adultas con lesión por queimadura; segundo a práctica clínica baseada na evidencia máis actual.

2.2. ALCANCE E OBXECTIVOS

O alcance da guía diríxese ás persoas afectadas, aos coidadores informais e a todos os profesionais sanitarios con responsabilidade directa ou indirecta para a abordaxe integral das lesións por queimadura, en calquera dos tres niveis de asistenciais de saúde da Comunidade Autónoma de Galicia: atención primaria de saúde, atención hospitalizada e atención sociosanitaria.

O obxectivo da guía é dispoñer dunhas directrices e/ou criterios estandarizados que sirvan de referencia para identificar factores de risco, realizar accións específicas de prevención, detección, derivación e tratamento que supoñen as lesións por queimadura como problema de saúde. A finalidade é contribuír ao benestar das persoas, reducir a variabilidade terapéutica e a incerteza profesional, diminuír a prevalencia e incidencia deste problema de saúde na sociedade; así como, conseguir unha maior optimización da xestión dos recursos humanos e económicos dispoñibles do sistema sanitario e sociosanitario de Galicia con base nas recomendacións de

práctica baseada na evidencia e conseguir uns indicadores de calidade de atención de coidados e seguridade dos pacientes que permitan unha maior eficiencia do proceso entre os distintos niveis asistenciais.

2.3. PREGUNTAS QUE VAI RESPONDER ESTA GUÍA PRÁCTICA

- Que son e como se definen as lesións por queimadura?
- Cal é a súa epidemioloxía e etiopatoxenia?
- De que tipo son e como se clasifican?
- Cales son as localizacións máis frecuentes?
- Como diagnosticar unha lesión por queimadura?
- Que medidas hai que aplicar para unha adecuada cicatrización?
- Que tratamentos e/ou medidas terapéuticas son as máis adecuadas?
- Que complicacións se poden producir?
- Que recomendacións de prevención son as máis indicadas?
- Que recomendacións de tratamento son as máis idóneas?
- Que pautas terapéuticas e de educación sanitaria deben seguir os pacientes, coidadores informais e profesionais para facilitar o seu coidado?

03 DEFINICIÓN[1]

As queimaduras son lesións producidas nos tecidos vivos, pola acción de diferentes axentes físicos: chamas, líquidos, obxectos quentes, radiación, corrente eléctrica, frío, químicos (cáusticos) e biolóxicos; que provocan alteracións que van desde un simple eritema ata a destrución total das estruturas dérmicas e subdérmicas.

04 EPIDEMIOLOXÍA[2, 3]

En España uns 120.00 individuos sofren algún tipo de queimadura cada ano e só un 5% necesitan coidados hospitalarios. Os datos de mortalidade están ao redor de 200 persoas ao ano, incluíndo pacientes de todas as idades.

Entre o 60% e 80% das queimaduras prodúcense no ámbito doméstico e entre o 10 e 15% no medio laboral, sendo a explosión e a chama os principais mecanismos, seguida das queimaduras eléctricas e as químicas. Dentro das queimaduras domésticas as máis frecuentes son as producidas por líquidos quentes (escaldadura), sobre todo por auga e aceite, seguidas por sólidos quentes (ferro de pasar, estufa).

A vellez e a infancia son as etapas da vida onde se producen maior número de queimaduras. Por exemplo, no noso país o 5% dos accidentes domésticos prodúcense por inxestión de substancias cáusticas. En Galicia este tipo de lesión en nenos representa o 4,8 %.

05 CLASIFICACIÓN[4, 5, 6]

5.1. SEGUNDO A PROFUNDIDADE: a profundidade da lesión refírese aos distintos estratos da pel e demais tecidos subcutáneos afectados, indica o grao dunha queimadura. O grao por si só non é sinónimo de gravidade.

5.1.1. Queimadura epidérmica (1º grao): a lesión afecta parcialmente a epiderme.

SIGNOS	SÍNTOMAS	PROGNÓSTICO
• Eritema. • Non flictenas. • Pel seca e quente. • Non exsudado.	• Dor: de leve a intensa. • Hipersensibilidade. • Sensación de prurito, proído / queimadura.	• Curación en menos dunha semana. • Sen cicatriz, excepto complicacións.



Figura 1

Foto 1. **Queimadura 1er grao**
Cedida por **Josep Petit**

5.1.2. Queimadura dérmica superficial (2º grao superficial): a lesión afecta a todos os estratos epidérmicos, chegando ata a derme papilar. Non afecta a derme reticular nin a raíz dos folículos pilosebáceos. Quedan illotes de células epiteliais nas cristas epidérmicas e no interior das glándulas e folículos para facilitar a reepitelización **(foto 2)**.

SIGNOS	SÍNTOMAS	PROGNÓSTICO
• Flictenas. • Leito da ferida cor vermella intensa ou rosada. • Moi exsudativa. • Tracción do pelo negativo.	• Hiperestesia. • Adoitan ser moi dolorosas, especialmente ao manexalas.	• Curación: entre 7 e 14 días. • Só deixan lixeiras discromías temporais.



Figura 2

Foto 2. Queimadura 2do grao superficial
Cedida por **Josep Petit**

5.1.3. Queimadura Dérmica Profunda (2º grao profundo): a lesión afecta a todos os estratos epidérmicos, e chega ata a derme reticular. Non afecta o tecido subcutáneo. Só quedan viables algunhas células epidérmicas que forman parte das glándulas sudoríparas e dos folículos pilosebáceos. As terminacións sensitivas superficiais están destruídas **(foto 3)**.

SIGNOS	SÍNTOMAS	PROGNÓSTICO
• Pode haber flictenas. • Superficie da ferida de cor vermella pálida ou branca, lisa, brillante e exsudativa. • Tracción do pelo positivo.	• Dor. • Menos molestas á exploración que as dérmicas superficiais.	• Epitelización entre 15 días e 3 meses. • Importantes secuelas. • Se en 15 días non epitelizan, derivar a cirurxía. • Tratamento: desbridamento e autoenxerto cutáneo.



Figura 3

Foto 3. Queimadura 2do grao profundo
Cedida por **Josep Petit**

5.1.4. Queimadura subdérmica (3º grao): destrución completa de todo o espesor da pel, afecta a tecido subdérmico e outras estruturas (fascia, músculo, tendón, vasos, periósteo). As terminacións nerviosas están destruídas e os anexos cutáneos (folículos, glándulas etc.) **(foto 4)**.

SIGNOS	SÍNTOMAS	PROGNÓSTICO
• Escara (momificación do tecido queimado). • Cor: desde branca nacarada, marrón escura a negra.	• Anestesia, sen sensibilidade. • Ás veces dor por compresión de planos subxacentes e por irritación de tecidos lindeiros.	• A curación espontánea só é posible en lesións moi pequenas. • A maioría require tratamento cirúrxico con autoenxertos. • Secuelas importantes (queloides, discromías, amputacións, retraccións), secuelas psicolóxicas.

Figura 4

Foto 4. **Queimaduras 3º grao**

IMPORTANTE

É moi importante destacar que a valoración das queimaduras en nenos e pequenos, especialmente nos menores de catro anos, difire de forma notable respecto á dos adultos. Así, as lesións da aparencia superficial son nos nenos máis profundas. Ao ingreso, as queimaduras de terceiro grao teñen neles color vermella intensa (polo que poderían parecer de segundo grao) e case nunca se aprecian as típicas lesións brancas ou en pergamiño.

Imagen 5. **Signo do pelo**

5.2. SEGUNDO A ETIOLOXÍA: a etioloxía da queimadura ten importancia especialmente na primeira actuación, na urxencia e na emerxencia.

5.2.1. Queimaduras térmicas: producidas pola acción da calor.

- **Escaldadura**: por líquidos quentes. Adoitan ser limpas, superficiais, pero extensas.
- **Chamas**: prodúcense por contacto directo coas chamas do lume. Son queimaduras máis sucias.
- **Contacto**: o mecanismo son os sólidos quentes. Adoitan ser limitadas e profundas.
- **Por fricción**: a queimadura prodúcese polo rozamento brusco da pel con outra superficie.

5.2.2. Queimaduras eléctricas: prodúcense pola acción directa da corrente eléctrica ou calor que xera ao pasar polos tecidos. A resistencia de cada tecido é inversamente proporcional á cantidade de auga que contén. Poden ser:

- **De baixa voltaxe (<1.000 V)**, produce escasa destrución de tecidos. Risco de parada cardíaca.
- **De alta voltaxe (>1.000 V)**, presenta gran destrución de tecido nos puntos de contacto e nas estruturas internas próximas ao percorrido dos ósos longos. Poden provocar parada cardíaca, alteración do ritmo, fracturas, rabdiomiolise e síndrome compartimental. Débese realizar monitorización cardíaca e derivar a unha unidade de queimados.

5.2.3. Queimaduras por flash eléctrico: por causa da labarada que se adoita producir nun curtocircuíto. O seu tratamento difire da queimadura producida pola corrente eléctrica.

5.2.4. Queimaduras químicas: producidas por substancias ácidas ou básicas e substancias corrosivas que alteran o pH dos tecidos. A gravidade da queimadura dependerá da natureza da substancia, da súa concentración e o tempo de contacto. Deben derivarse todas a un centro especializado.

5.2.5 Queimaduras radioactivas: producidas polas radiacións ionizantes (raios X, raios gamma etc.) e non ionizantes como a radiación solar, ultravioleta, láser, microondas, radiación infravermella, etc.

5.2.6. Queimaduras por frío: o efecto do frío extremo nos tecidos produce vasoconstrición e solidificación da auga do interior das células, o que produce necrose tisular. As lesións afectan sobre todo a zonas acras (dedos, orellas e nariz).

5.3. SEGUNDO A EXTENSIÓN: é o primeiro para considerar na valoración da gravidade dunha queimadura. Diso dependerá a derivación a un centro especializado. As queimaduras moderadas e graves deben ser atendidas nun hospital.

5.3.1. Regra dos 9 de Wallace: é un método que se utiliza para calcular a extensión cutánea queimada nun paciente. Consiste en dividir a superficie do corpo en áreas equivalentes ao 9% da **superficie corporal total queimada** (SCTQ) ou por múltiplos de 9.



Figura 5. Regra de Wallace

Fuente: https://es.wikipedia.org/wiki/Quemadura

5.3.2. Regra do 1 (Regra da palma da man): é un instrumento de valoración rápida para calcular a porcentaxe de SCTQ. Tómase como referencia a palma da man do paciente (dedos xuntos e estendidos), a superficie que se pode cubrir desta maneira é o 1% de SCTQ do paciente. É útil para superficies pequenas e como ferramenta complementaria da regra de Wallace.



Foto 6. Regra do 1. Regra da palma da man

5.3.3. Táboa de Land & Browder: nos nenos van variando as proporcións da porcentaxe de SCTQ das súas distintas zonas anatómicas durante o seu crecemento, sendo a cabeza moito maior e os membros moito máis pequenos.

ÁREA QUEIMADA	DE 0 A 1 ANOS	DE 1 A 5 ANOS	DE 5 A 9 ANOS	DE 9 A 14 ANOS	ADULTOS
Cabeza	19 %	17 %	13 %	11 %	7 %
Pescozo	2 %	2 %	2 %	2 %	2 %
Tronco anterior	13 %	13 %	13 %	13 %	13 %
Tronco posterior	13 %	13 %	13 %	13 %	13 %
Nádegas	5 %	5 %	5 %	5 %	5 %
Brazo dereito	4 %	4 %	4 %	4 %	4 %
Brazo esquerdo	4 %	4 %	4 %	4 %	4 %
Antebrazo dereito	3 %	3 %	3 %	3 %	3 %
Antebrazo esquerdo	3 %	3 %	3 %	3 %	3 %
Man dereita	2,5 %	2,5 %	2,5 %	2,5 %	2,5 %
Man esquerda	2,5 %	2,5 %	2,5 %	2,5 %	2,5 %
Coxa dereita	5,5 %	6,5 %	8 %	8,5 %	9,5 %
Coxa esquerda	5,5 %	6,5 %	8 %	8,5 %	9,5 %
Perna dereita	5 %	5 %	5,5 %	6 %	7 %
Perna esquerda	5 %	5 %	5,5 %	6 %	7 %
Pé dereito	3,5 %	3,5 %	3,5 %	3,5 %	3,5 %
Pé esquerdo	3,5 %	3,5 %	3,5 %	3,5 %	3,5 %
Xenitais	1 %	1 %	1 %	1 %	1 %
Total	100 %	100 %	100 %	100 %	100 %

Táboa 1. Táboa de Land & Brow

Dunha maneira máis práctica para valorar a extensión dunha queimadura nos nenos asúmese que a extensión porcentual da cabeza en menores de 10 anos é 18% menos a idade, e a dos membros inferiores é 27% máis a idade **(figura 6)**.



Figura 6. Extensión porcentual da cabeza

Fonte propia CHUAC

5.3.4. Clasificación da extensión de la American Burn Asociation, adaptada

CLASIFICACIÓN DA EXTENSIÓN DE QUEIMADURAS (AMERICAN BURN ASSOCIATION)
QUEIMADURA MENOR • Queimadura de segundo grao, menor do 15% de SCTQ en adultos ou menor do 10% de SCTQ en nenos. • Queimadura de terceiro grao menor do 2% de SCTQ sen afectar zonas especiais (ollos, oídos, cara, pés, perineo e articulacións). • Exclúe lesións eléctricas, por inhalación, traumatismos concorrentes e pacientes con elevado risco.
QUEIMADURA MODERADA NON COMPLICADA • Queimadura de segundo grao de 15 a 25% de SCTQ en adultos ou 10 a 20% en nenos. • Queimadura de terceiro grao menor do 10% de SCTQ que non afecten zonas de atención especial. • Exclúe lesións eléctricas, por inhalación, traumatismos concorrentes e pacientes con elevado risco.
QUEIMADURA GRAVE • Queimaduras de segundo grao maiores do 25% de SCTQ en adultos ou 20% en nenos. • Queimaduras de terceiro grao maiores ou igual ao 10% de SCTQ. • Queimaduras que afecten ollos, oídos, cara, pés, perineo e articulacións. • Queimaduras eléctricas. • Quemaduras químicas en áreas de risco. • Todas as lesións inhalatorias. • Queimaduras con traumatismos. • Queimaduras en embarazadas. • Queimaduras en persoas de alto risco: diabetes, enfermidade pulmonar, cardiovascular, inmunodepresoras, cancro, SIDA etc.

06 ETIOPATOXENIA. FACTORES PREDISPOÑENTES. DIAGNÓSTICO

6.1. ETIOPATOXENIA

Os factores que determinan a lesión son a intensidade da calor, a duración da exposición, e a condutancia do tecido. A queimadura produce os seguintes **mecanismos fisiopatolóxicos:**

6.1.1. LESIÓN CUTÁNEA: a queimadura produce inflamación, o que se manifesta en forma de calor, rubor, dor, impotencia funcional e edema. Prodúcese aumento da permeabilidade vascular e vasodilatación.

6.1.2. ALTERACIONES HEMODINÁMICAS: a queimadura produce unha perda da integridade cutánea, que, pola súa vez, produce perda da integridade capilar, que provoca a extravasación de líquido desde o compartimento intravascular cara ao intersticio, coa consecuente formación de edema. Pero o grande edema que se produce polas queimaduras non é só debido á perda da integridade capilar, senón que tamén é debido a factores:

- Alteración da integridade da microcirculación: a consecuencia da extravasación de líquido desde o plasma cara ao intersticio e tamén de proteínas. Polo xeral, a formación de edema nunha queimadura pequena alcanza o seu máximo nivel entre as 8 e 12 horas posteriores á lesión, no caso de queimaduras grandes ocorre máis tarde, entre as 18 e 24 horas, porque a hipovolemia sistémica atrasa a extravasación de líquido.
- Alteración da membrana celular.
- Aumento da presión osmótica no tecido queimado: debido fundamentalmente á extravasación de sodio desde o compartimento plasmático, que xera hiponatremia.
- Inestabilidade hemodinámica: por redución notable e precoz do volume plasmático e un aumento na resistencia vascular periférica e un gasto cardíaco diminuído.

6.1.3. ALTERACIÓNS METABÓLICAS: a queimadura produce unha serie de alteracións hormonais no organismo que producen aumento importante do gasto metabólico e aumento dos requirimentos nutricionais.

6.1.4. ALTERACIÓNS RESPIRATORIAS: a primeira causa de morte nos primeiros días tras a queimadura é a insuficiencia respiratoria. Pódense afectar todos os niveis do tracto respiratorio (larinxe, traquea, bronquios e parénquima pulmonar) por efectos da constrición e o edema de irritantes (fume) ou a queimadura directa.

6.1.5. ALTERACIÓNS RENAIS: a queimadura produce hipoperfusión renal, sendo a causa principal da insuficiencia renal aguda no paciente queimado. A diurese é de tipo prerrenal nas primeiras horas ou días (por déficit de fluxo), e de tipo renal a partir da segunda semana (habitualmente por sepse, nefrotoxicidade etc.)

6.1.6. ALTERACIÓNS HEMATOLÓXICAS: alteración da serie branca (leucocitose con neutrofilia) e das plaquetas (trombocitopenia e trombocitose).

6.1.7. ALTERACIÓNS INMUNOLÓXICAS: a infección continúa sendo a primeira causa de morte tras os primeiros días post queimadura. Isto é debido á alteración da barreira

mecánica do corpo humano (pel e mucosas), á perda de proteínas, e á alteración dos sistemas de defensa do organismo (humoral e celular).

6.2. FACTORES PREDISPOÑENTES

Débese ter en conta que existen poboacións especiais, como son os nenos e os anciáns. No caso dos nenos, canto máis pequenos son en idade, maior é a proporción entre a superficie corporal (perdida de calor) e a masa corporal total (produción de calor), polo que a perda de calor é máis fácil e rápida, ademais de non dispoñer de mecanismos de defensa fronte ao frío por ter o sistema termorregulador inmaturo. En canto aos anciáns, prodúcese un descenso do metabolismo basal, polo que a súa produción de calor é menor.

6.3. DIAGNÓSTICO

É fundamentalmente clínico. A correcta valoración inicial dunha queimadura é moi importante. Unha adecuada historia clínica debe incluír os seguintes datos:

- Antecedentes persoais.
- Día e hora da queimadura.
- Axente causal.
- Porcentaxe de SCQT (regra dos 9 ou da palma da man 1%).
- Grao das queimaduras.
- Localización anatómica da queimadura.
- Lugar onde se produciu o accidente.
- Primeiros auxilios recibidos.

07 DIRECTRICES XERAIS DE TRATAMENTO. EVIDENCIAS E RECOMENDACIÓNS

7.1. ATENCIÓN PREHOSPITALARIA[4, 5]

Un dos factores que máis inflúe na diminución da morbimortalidade do paciente queimado é a rapidez no inicio dun tratamento adecuado. Por iso é necesaria a protocolización de intervencións extrahospitalarias que garantan a correcta atención do paciente queimado no lugar do accidente, durante o seu transporte ou no hospital ata que sexa posible o seu traslado á unidade de queimados de referencia.

Polo xeral derivaranse todas as queimaduras moderadas e as queimaduras graves. As queimaduras menores (as que podemos tratar fóra do ámbito hospitalario) poden ser derivadas se están asociadas cun desenvolvemento clínico complexo ou son nenos menores de 15 anos ou adultos de máis de 60 anos.

7.1.1. TRATAMIENTO CLÍNICO PREHOSPITALARIO URXENTE

Hai que considerar que todo paciente queimado é, potencialmente, un paciente politraumatizado. Posto que en ocasións a queimadura é consecuencia dun accidente que pode causar outro tipo de lesións. Así que o primeiro é identificar e descartar os problemas que poidan comprometer a vida do paciente. Isto estandarízase na aplicación do chamado ABC da reanimación (desde o 2013 cambiouse ao CAB nas guías da American Heart Association); asegurando unha adecuada función cardiocirculatoria, vía aérea permeable e función respiratoria (ver algoritmo RCP) **(anexo 1)**.

7.1.2. CONSIDERACIÓNS TRATAMENTO PREHOSPITALARIO URXENTE[3, 4, 5, 6]

- Tomar sempre precaucións universais. Débese considerar o perigo potencial para o rescatador.
- Deter o proceso de combustión.
- Identificar as vítimas, garantir o seu rescate e posta a salvo o máis lonxe posible do lugar do suceso, nun lugar seguro e con aire limpo. Se é necesario solicitar axuda (bombeiros, ambulancia etc.)
- Retirar as roupas, aneis, reloxos, cintos.
- Valoración das queimaduras. Estimar a SCQ (regra dos 9, regra do 1).
- Arrefriado das queimaduras co que teñamos á man: auga, soro fisiolóxico ou apósitos de xel de auga (isto sería o ideal). Evitar posible hipotermia.
- Se é unha queimadura por axente químico continuar coa irrigación ata chegar ao centro hospitalario.
- Se é unha vítima por corrente eléctrica, desconectaremos a dita corrente antes de tocar o paciente. Usar material non condutor.

- Cubrir as lesións con apósitos de xel de auga, gasas ou toallas empapadas con soro fisiolóxico ou auga limpa.
- Non desbridar as flictenas ata chegar a un lugar adecuado (hospital, centro de saúde), excepto en queimaduras de etioloxía química.

7.1.3. TRATAMENTO LOCAL DAS QUEIMADURAS[4, 5]

- **1º GRAO (EPIDÉRMICAS):**

COIDADOS DAS FERIDAS	NIVEL DE EVIDENCIA
Non aplicar auga moi fría[7].	Baixa.
Hidratar a pel[8, 9].	Baixa.
Protección do sol durante 15-30 días[5].	Baixa.

Os obxectivos do **arrefriado** son: neutralizar a acción do axente causal (frear a acción da calor, diluír e arrastrar as substancias químicas), aliviar a dor, diminuír a liberación de mediadores inflamatorios.

O uso de auga fría ou soro salino produce vasoconstrición e acelera a profundización da lesión, así como un maior risco de hipotermia. Débese utilizar a unha temperatura de 18-20 ºC (temperatura ambiente). Débese irrigar a zona ou mergullar a zona afectada ou colocando unhas gasas ou panos limpos empapados sobre a zona afectada. Os apósitos de xel de auga son a mellor opción nas queimaduras de orixe térmica, a diferenza do resto dos apósitos acougan a dor de forma rápida, non se adhiren e ademais evitan a hipotermia, polo seu efecto trouxen de mergullador.

A hidratación da pel mediante cremas, aceites ou xeles, é a mellor maneira de recuperar a deshidratación da pel producida pola queimadura. Aplicarase varias veces ao día para evitar a sequidade da pel.

- **2º GRAO SUPERFICIAL - PROFUNDO (DÉRMICAS) e 3º GRAO (SUBDÉRMICAS):**

COIDADOS DAS FERIDAS	NIVEL DE EVIDENCIA
Lavar con auga potable, ou soro salino[10].	Moderada.
Non utilizar auga moi fría[7].	Baixa.
Secar a lesión sen fregar a zona[11].	Baixa.
En caso de ser necesario un antiséptico, usar digliconato de clorhexidina[5, 12, 13].	Moderada.
Desbridar as flictenas[5, 14].	Baixa.

Sobre a **limpeza**, as evidencias actuais indican que non hai diferenzas significativas entre lavar a queimadura con auga potable, auga con xabón ou con soro fisiolóxico. Soamente cando exista sucidade visible ou alto risco de infección (grandes queimados), está indicada unha limpeza con auga e xabón ou un antiséptico de amplo espectro (clorhexidina ao 1 ou 2 %, ou solución de polihexanida ao 0,1% máis undecilenamidopropil betaína ao 0.1%). Sempre a temperatura ambiente. Tras o lavado secarase a zona sen fregar para evitar danar os tecidos viables.

Débese **desbridar** as flictenas sempre porque se poden contaminar a partir da propia flora bacteriana presente nos anexos cutáneos. Se non se desbrida e non se retira a epiderme desnaturalizada, non se pode facer unha correcta valoración da queimadura. Por outra banda, o líquido que está na flictena pode exercer presión no leito da ferida e a queimadura pode seguir profundando. Se deixamos as flictenas e non desbridamos a epiderme morta, ao aplicar antimicrobianos por vía tópica, estes non poderán actuar no leito da ferida. Para desbridar as flictenas podemos facelo cunhas pinzas e tirar da epiderme desvitalizada cara á periferia ata que rompa. Nas palmas da man e plantas dos pés, é necesario utilizar material cirúrxico, posto que a epiderme é moito máis grosa.

Non se debe fregar ou cepillar as queimaduras porque:

- Produce dor, sangrado, disemina xermes.
- Destrúe as células epiteliais viables que van ser de axuda para unha reepitelización máis rápida e de mellor calidade estética.

Unha vez acabada a limpeza e desbridamento de tecido desnaturalizados, valórase adecuadamente a queimadura e cubrirase co apósito máis adecuado nese momento.

7.1.4. TRATAMENTO TÓPICO PREHOSPITALARIO[4, 5]

Estudos recentes demostran unha mellor evolución, un menor custo e unha menor incidencia de infección cunha cobertura con apósitos de cura de ambiente húmido (CAH). Con todo, en determinadas circunstancias, (orografía da zona, falta de material adecuado), a aplicación de pomadas como a sulfadiazina arxéntica ao 1%, pode ser unha boa opción.

Non hai un produto único nin determinado, se non que dependerá de diversos factores:

- Características da queimadura (extensión, profundidade, etoloxía, localización).
- Cantidade de exsudado da queimadura.
- Fase evolutiva da queimadura.
- Fácil de adaptar.
- Atraumático ao retiralo.
- Dispoñibilidade de material.

- **Velenos celulares ou protoplásmicos**: producen formación de ésteres a partir dos ácidos graxos das membranas celulares, ou ben interfiren nos mecanismos de homeostase celular (ácidos oxálico e fluorhídrico).
- **Deshidratantes**: substancias que extraen auga dos tecidos afectados (ácido sulfúrico).
- **Vesicantes ou formadores de flictenas** (cantárides, mostazas nitroxenadas, etc.)

O manexo inicial dunha queimadura química é exactamente igual que o de calquera traumatismo térmico coas seguintes consideracións especiais:

- Irrigación abundante con auga ou soro fisiolóxico (nunca inmersión) no lugar do accidente e debe repetirse ao chegar ao centro hospitalario. O período de irrigación ha de ser de polo menos 30 minutos. A irrigación copiosa con auga demostrou reducir a gravidade da queimadura e diminuír a estancia hospitalaria.
- Debe prestarse especial atención á identificación do axente causal da queimadura e ao tempo de exposición, para poder dirixir o tratamento de modo preciso.
- Evitar o uso de axentes neutralizantes, na maioría das ocasións os axentes neutralizantes son difíciles de conseguir e non demostraron ser superiores á irrigación continua con auga ou soro fisiolóxico fóra de contados casos. Ademais, o uso de neutralizantes pode agravar a lesión ao producirse reaccións químicas xeradoras de calor con algúns axentes químicos (litio, sodio, magnesio e potasio).
- Evitar a hipotermia debida á irrigación continua con auga ou soro fisiolóxico. Débese tentar evitar esta complicación mantendo a temperatura do lugar do accidente entre 28 e 31 ºC se é posible, e a temperatura de irrigación o máis preto posible á temperatura do corpo.
- A alteración do pH é a maior complicación sistémica, polo que a realización de gases arteriais e análises de electrólitos debe ser realizada de modo periódico ata asegurar a estabilidade metabólica.
- VALORACION POR OFTALMOLOXÍA en caso de queimaduras oculares. Recoméndase comezar a irrigación con auga canto antes e durante un tempo prolongado (30-60 minutos), posto que unha cantidade mínima de substancia química pode producir un dano significativo.
- Se se sospeita afectación do tracto respiratorio débese tratar como unha lesión por inhalación: protexer a vía aérea, oxixenoterapia e, se é preciso, intubación orotraqueal e ventilación mecánica con presión positiva ao final da expiración.
- Os principios do tratamento da ferida-queimadura producida por axentes químicos son os mesmos que en calquera lesión térmica. Débense realizar curas con antimicrobianos tópicos (sulfadiazina arxéntica), desbridamentos iniciais e cobertura cutánea en tecidos non viables.

A exposición ao **ácido fluorhídrico** xera un calor intenso e un importante dano tisular. Se afecta a máis do 5% da SCQ ou a máis do 1% de SCQ e se a súa concentración é superior ao 50%, require ingreso hospitalario para monitorización electrocardiográfica e de niveis séricos de calcio, xa que poden aparecer arritmias e hipocalcemia. O seu tratamento inclúe a lavado/irrigación abundante con auga seguida pola aplicación de xel de gliconato de calcio ou inxección subcutánea de gliconato de calcio ao 10% (0,5 ml / cm^2) co obxectivo de aliviar a dor. Se non responde ao tratamento médico, débese realizar a escisión cirúrxica inmediata da lesión nunha unidade de queimados.

Exposición a **sosa cáustica** (hidróxido de sodio), moi común en produto de limpeza. É frecuente a queimadura química por inxestión oral de sosa no contexto de intentos de suicidio. En ambientes caseiros as queimaduras adoitan ser de pequeno tamaño, pero en ambientes industriais poden ser queimaduras extensas. A sosa cáustica ten capacidade de penetrar profundamente a pel e os tecidos producindo destrución tisular que se perpetúa no tempo despois da exposición inicial. Poden ocorrer efectos sistémicos pola absorción do químico. A afectación ocular é particularmente grave debido á rápida penetración corneal (pode causar cicatrices, opacificación corneana e perforación) **(foto 13)**.

Foto 13. Queimadura por sosa cáustica

O tratamento consiste en irrigación continua con auga ou soro fisiolóxico (polo menos durante 2 horas con períodos de descanso de 4 horas). A irrigación con auga pode non eliminar o produto químico das capas máis profundas da queimadura, nestes casos, e se o estado do paciente o permite, débese realizar unha escisión tanxencial da queimadura profunda e cobertura con enxerto de pel ou apósitos temporais. En caso de inxestión débese subministrar á persoa un vaso de leite ou auga (sempre que a persoa non presente convulsións, vía aérea difícil ou diminución do estado de conciencia) e NON provocar o vomito.

8.3. LESIÓNS POR EXTRAVASACIÓN DE CONTRASTE OU CITOSTÁTICOS

As lesións provocadas pola extravasación dun axente non se poden considerar como queimaduras propiamente ditas, con todo, poden provocar unha insuficiencia cutánea aguda similar a unha queimadura, polo que as incluímos neste apartado. O seu tratamento vai ser similar ao dunha queimadura, pero con certas consideracións en función do tipo e cantidade de axente extravasado, así como da reacción da pel do paciente.

8.3.1. EPIDEMIOLOXÍA LESIÓNS POR EXTRAVASACIÓN

Aínda que as lesións por extravasación, tanto de axentes citostáticos como de contraste, son infrecuentes (estímase que ao redor de 0,1 e 0,01 pacientes de cada cen pacientes en 15 anos derívanse ao cirurxián plástico debido a unha extravasación, débense ter en consideración xa que poden producir insuficiencia cutánea de características similares á queimadura.

Os factores de risco máis importantes para que ocorra unha extravasación de sustancias son:

- Venopuncións previas numerosas.
- Veas fráxiles, pequenas ou escasas. Por exemplo, en pacientes con linfedema, antecedentes de linfadenectomía, ou amputación dun membro superior, porque só teriamos dispoñibilidade de acceso a veas do outro membro non afectado.
- Pouca colaboración do paciente no momento da inxección (movementos voluntarios ou involuntarios…)
- Alteracións sensitivas locais do paciente ou do estado mental (parálise ou ictus previo, somnolencia, deterioración cognitiva), que impiden que o paciente detecte alteracións precoces no lugar de inxección.
- Enfermidades cutáneas extensas (psoríase, dermatite…)
- Obesidade.

8.3.2. ETIOPATOXENIA LESIÓNS POR EXTRAVASACIÓN

Os axentes que producen alteracións cutáneas por extravasación clasifícanse de modo simple en antineoplásicos e non antineoplásicos:

- Os axentes antineoplásicos ou citostáticos divídense en irritantes e vesicantes.
- Os axentes non antineoplásicos son principalmente os medios de contraste empregados en estudos de radioloxía convencional ou intervencionista.

Os axentes non antineoplásicos son principalmente os medios de contraste empregados en estudos de radioloxía convencional ou intervencionista.
A extravasación dun axente citostático ou dun medio de contraste pode provocar unha necrose cutánea secundaria que non se considera unha queimadura química propiamente dita, senón que constitúe unha entidade á parte, debido a que o efecto de necrose celular non se debe ao contacto da pel con esta substancia (tal e como sería no caso das queimaduras químicas), senón que se explica como secundario a dous mecanismos:

- Acción directa da substancia, que se atopa no tecido celular subcutáneo ou subderme, en contacto coa pel, inducindo citotoxicidade e necrose.
- Acción indirecta da substancia, que mediante o efecto masa en subcutáneo ou compartimento muscular xera sufrimento e isquemia cutánea ao aumentar o volume dos planos profundos. Neste caso, a necrose cutánea sería secundaria a isquemia cutánea prolongada e ausencia de tratamento cirúrxico da síndrome compartimental asociada.

Habitualmente os dous mecanismos interactúan para producir a insuficiencia cutánea.

8.3.3. CLÍNICA DE LESIÓNS POR EXTRAVASACIÓN

As manifestacións clínicas dependerán do tipo de axente químico extravasado:

- **AXENTES ANTINEOPLÁSICOS**: o mecanismo polo que exercen a súa acción é a toxicidade celular. Diferéncianse de modo xeral dous tipos de substancias:
  - **Axentes irritantes**: xeran unha reacción inflamatoria local (edema, eritema, calor e hipersensibilidade local) con flebite no punto de inxección ou ao longo da vea, prurito, queimura e tensión cutánea. Non existe necrose nin descamación cutánea. A clínica adoita durar horas, e producen secuelas a longo prazo.
  - **Axentes vesicantes**: xeran necrose tisular e descamación, e producen en ocasións perda cutánea de espesor total. A clínica iníciase con queimura local, seguido de descamación cutánea e vesiculación aos 2 ou 3 días, e pode desenvolverse a necrose de forma diferida, xa que pode aparecer ás semanas ou meses. É máis frecuente que existan secuelas a longo prazo que cos axentes irritantes. O grupo vesicante máis importante é o das antraciclinas.

- **MEDIOS DE CONTRASTE**: o mecanismo polo que adoitan exercer a súa acción é a alteración da osmolaridade (axentes hiperosmolares) e a compresión directa dos tecidos, xerando isquemia secundaria.

  Esta reacción local producida na pel e tecidos adxacentes polo axente extravasado pode provocar ademais a aparición dunha síndrome compartimental.
  As extravasacións que teñen lugar a nivel de catéteres venosos centrais, a diferenza das que ocorren en vías periféricas, ademais da manifestación cutánea, poden presentar afectación de mediastino e pleura.

8.3.4. EXPLORACIÓN LESIÓNS POR EXTRAVASACIÓN

A valoración clínica dos casos de extravasación de contraste ou citostáticos requiren, en xeral, dunha anamnese precisa (igual que en calquera tipo de queimadura), prestando especial atención ao tipo de axente extravasado e á estimación do volume extravasado para orientar a gravidade da situación clínica. Con todo, o que determina o tipo de tratamento non é a cantidade de axente extravasado, senón a valoración clínica.

Foto 14. Extravasación de medio de contraste

A extravasación de substancias ten lugar en xeral en membro superior. A exploración física centrarase en:

- Observación: débese prestar atención á aparición de signos de sufrimento cutáneo, como eritema, edema, flictenas, bochas ou necrose.
- Palpación: débese valorar a existencia de datos de síndrome compartimental ou de risco de presentación deste: os datos de alarma serían a aparición de frialdade distal nas mans, parestesias distais, tacto duro local na zona da extravasación ou no compartimento.
- A confirmación da síndrome compartimental leva a cabo mediante punción con agulla e medición da presión intracompartimental. Se esta é superior a 25 mm Hg, confírmase a síndrome compartimental.
- Na práctica clínica, non adoita ser necesario recorrer a esta medición, xa que a clínica de síndrome compartimental é indicación de tratamento cirúrxico urxente independentemente da medición da presión do compartimento.

8.3.5. PREVENCIÓN LESIÓNS POR EXTRAVASACIÓN

Existen unhas directrices básicas que se deben seguir para evitar as extravasacións:

- A vía periférica debe canalizarse antes do inicio da infusión, preferiblemente non se debe utilizar unha vía antiga para a infusión de axentes citostáticos ou de contraste. Por orde de preferencia, seleccionaremos antebrazo, dorso de man, pulso e fosa antecubital.
- Débese confirmar un bo refluxo de sangue. Débense infundir previamente entre 5 e 10 ml de soro salino para comprobar que a vía é permeable.
- Débense evitar zonas con cicatrices, escleroses ou trombose, ou previamente radiadas, así como membros con linfedema ou hipoperfusión.
- Débese asegurar a cánula mediante a aplicación dun apósito que suxeite a vía periférica.
- Débese parar a infusión e revisar o paciente ante calquera síntoma do paciente, como dor local ou parestesias no lugar da infusión, ou dor torácica ou dispnea en caso de catéteres centrais.

8.3.6. TRATAMENTO LESIÓNS POR EXTRAVASACIÓN

Aínda que non existen ensaios clínicos aleatorizados para o tratamento específico de cada axente extravasado, si existen guías en función dos axentes extravasados, guías que están dispoñibles nas unidades onde se infunden este tipo de axentes.

Existen ademais unhas directrices xerais de manexo das extravasacións:

- Ante a sospeita clínica de extravasación dun axente, débese cortar a infusión de inmediato. Non se recomenda aplicar presión local nin lavar a vía.
- O catéter non se debe retirar inmediatamente, senón que se mantén para aspirar o exceso de axente extravasado, e para a administración do posible antídoto.
- Manter o membro elevado, para mellorar o retorno venoso e diminuír o edema e o risco de síndrome compartimental.
- Recoméndase que o paciente mobilice as articulacións do membro superior por separado: abrir e pechar dedos mobilizando as articulacións interfalánxicas proximal e distal, así como as metacarpofalánxicas, mobilizar o pulso e tamén o cóbado.
- Aplicar frío local, salvo no caso dos alcaloides da vinca (vincristina) ou o etopóxido, nos cales se recomenda aplicar calor.
- Actualmente aínda existe discrepancia acerca da administración de antídotos específicos. Non existen ensaios clínicos aleatorizados en humanos acerca da aplicación de antídotos como son o dimetilsulfóxido, a hialuronidasa ou o Dexrazoxano, pero están a realizarse estudos.
- Recoméndase a administración de antiinflamatorios non esteroides intravenosos, para reducir a formación de edema e inflamación local. Os corticosteroides non están indicados, salvo en caso de extravasacións de oxaliplatin.
- En casos extremos, con sospeita clínica de síndrome compartimental por aumento de presión intracompartimental ou extracompartimental con datos de sufrimento cutáneo, realizarase tratamento cirúrxico consistente en fasciotomías descompresivas, para evitar a isquemia e necrose muscular ou dos tecidos brandos circundantes. A sospeita clínica e o tratamento é igual aos casos de síndrome compartimental producida por queimaduras.

Foto 15. Extravasación de medio de contraste no dorso da man dun neonato. Clínica de síndrome compartimental que requiriu tratamento cirúrxicocompartimental que requirió tratamiento quirúrgico

- En caso de existir zonas con insuficiencia cutánea, realízase inicialmente tratamento conservador mediante curas locais, seguindo os mesmos criterios que no tratamento dunha insuficiencia cutánea aguda producida por unha queimadura.
- No caso de que as zonas de insuficiencia cutánea non cicatricen con tratamento conservador, pode ser necesario o tratamento cirúrxico, consistente na realización de forma diferida desbridamento e enxerto.

.

09 DIRECTRICES XERAIS DE PREVENCIÓN. EVIDENCIAS E RECOMENDACIÓNS

A maioría da bibliografía existente sobre este tema trata esencialmente da prevención nos nenos, por ser extremadamente sensibles á inxuria térmica.[40] É por iso importante ensinar á poboación en xeral a identificar os factores de risco e propoñerlles unhas normas para seguir para evitalos, mediante campañas educativas encamiñadas a evitar os factores de risco que producen as queimaduras: substancias sólidas e líquidas quentes, a electricidade, as chamas e as substancias corrosivas.

As principais normas xerais de prevención fan referencia a:

- Non fumar dentro do fogar e moito menos na cama.
- Non sobrecargar as tomas de corrente.
- Non utilizar fogos artificiais ou similares.
- Manter fósforos, chisqueiros, químicos e ver acendidas lonxe dos nenos.
- Colocar protectores de enchufes.
- As alarmas de incendio en casa son recomendables.
- Colocar a televisión e equipos de música contra a parede.
- Colocar pantallas diante das chemineas.

No baño:

- Os termostatos de auga nos baños permiten axustar a temperatura da auga. Temperaturas de 54 ºC poden escaldar un neno en dous ou tres segundos.
- Ao encher a bañeira empezar con auga fría e acabar tamén con auga fría.
- Introducir o cóbado (o adulto), para probar a temperatura.
- Desenchufar todos os aparellos eléctricos que non se estean usando.

Na cociña:

- Non permitir que o neno utilice o andador na cociña
- Non consumir bebidas quentes mentres se teña un neno no colo.[40]
- Non ter o neno en brazos mentres se cociña.
- Non quentar os biberóns no microondas.[40]
- Manter os mangos de tixolas e asas das potas lonxe do acceso aos nenos.
- As comidas e bebidas quentes estarán fóra do alcance dos nenos.[40]

Os adultos:

- As queimaduras dos adultos están asociadas aos perigos inherentes á sociedade moderna. As persoas teñen os mesmos riscos, pero aumentados pola perda de reflexos asociados á idade.
- A prevención debe asociarse ao reforzo das normas de seguridade.
- No fogar é onde ocorre a maioría dos accidentes, polo que é importante a revisión da instalación do gas, a eléctrica, os aparellos eléctricos e o almacenamento de líquidos inflamables e corrosivos.[40]
- No adulto despois do fogar, é o traballo o seguinte escenario onde se producen estes accidentes. Débese seguir e reforzar as normas de seguridade laboral.
- Por último, durante o lecer tamén se producen accidentes: escapes das motos, grellas, queimaduras solares etc. Aquí debe prevalecer algunhas das normas vistas con anterioridade e, sobre todo, moito sentido común.

RECOMENDACIÓNS [40, 41, 42]

Evitar a presenza non supervisada de menores en cociña e baños.	Moi baixa.
Gardar as substancias cáusticas en lugares seguros, lonxe do alcance dos nenos.	Moi baixa.
Ter coidado co manexo de líquidos quentes en presenza de menores.	Moi baixa.
Incrementar a difusión dunha cultura preventiva en queimaduras.	Moi baixa.
Os menores de cinco anos teñen maior risco de sufrir queimaduras.	Moi baixa.
A mortalidade maior é en menores de tres anos.	Moi baixa.
O dano máis grave é por inmersión en líquidos quentes e por lume.	Moi baixa.
A cociña e o baño son os sitios onde se presentan con maior frecuencia as queimaduras.	Moi baixa.
Observouse un incremento de queimaduras durante a preparación de alimentos con microondas.	Moi baixa.

10 RESUMO DAS RECOMENDACIÓNS DE EVIDENCIA

EVIDENCIA [E] / RECOMENDACIÓN [R] / BOA PRÁCTICA [BP]		NIVEL / GRADO
[R]	Non aplicar auga moi fría ou xelada (<15ºC).	**BAIXA** (GPC SAS, 2011).[5]
[R]	Hidratar la pel para restaurar a humidade.	**BAIXA** (GPC SAS, 2011).[5]
[R]	Usar productos de fotoprotección solar (FPS>15) en zonas epitelizadas.	**MODERADA** (GPC SAS, 2011).[5]
[BP]	Protexer do sol (durante 15-30 días).	**BAIXA** (GPC SAS, 2011).[5]
[R]	Lavar con auga potable, ou suero salino.	**MODERADA** (GPC SAS, 2011).[5]
[R]	Secar la lesión sen fregar a zona lesionada.	**BAJA** (GPC SAS, 2011).[5]
[R]	En caso de ser necesario un antiséptico, usar digluconato de clorhexidina.	**MODERADA** (GPC SAS, 2011).[5]
[R]	Desbridar las bochas ou flictenas.	**BAIXA** (GPC SAS, 2011).[5]
[R]	En queimaduras de 2º grao sen risco de infección non e necesario aplicar antimicrobianos tópicos	**MODERADA** (GPC SAS, 2011).[5]
[R]	No existe evidencia suficiente sobre la eficacia de un apósito de cura en ambiente húmedo sobre otro.	**ALTA** (GPC SAS, 2011).[5]
[R]	Utilizar apósitos con baja adherencia y adaptables.	**MODERADA** (GPC SAS, 2011).[5]
[R]	Os apósitos hidrocoloides son adecuados para a xestión do exsudado en queimaduras superficiais.	**MODERADA** (GPC SAS, 2011).[5]
[R]	Os apósitos hidrocelulares tieñen maior capacidade de absorción que os hidrocoloides.	**BAIXA** (GPC SAS, 2011).[5]

[R]	Os apósitos con silicona protexen a pel perilesional e a epitelizada.	**MODERADA** (GPC SAS, 2011).[5]
[R]	O antibiótico tópico de primeira elección en queimaduras de segundo e terceiro grao, é a sulfadiazina arxéntica.	**ALTA** (GPC SAS, 2011).[5]
[R]	En queimaduras de terceiro grao aplicarase a sulfadiazina arxéntica con nitrato de cerio.	**MODERADA** (GPC SAS, 2011).[5]
[R]	Os apósitos de prata permiten diminuír as curas e a estancia media hospitalaria.	**MODERADA** (GPC SAS, 2011).[5]
[R]	Os apósitos de prata, comparados coa sulfadiazina, diminúen a dor nas curas.	**MODERADA** (GPC SAS, 2011).[5]
[R]	Non usar antibióticos sistémicos de maneira preventiva en queimadura menores	**MOI BAIXA** (GPC SAS, 2011).[5]
[R]	Os apósitos de prata permiten diminuír as curas e a estancia media hospitalaria.	**MOI BAIXA** (GPC SAS, 2011).[5]
[BP]	Limpar os ollos varias veces ao día.	**MOI BAIXA** (Nut Hops, 2005).[36]
[R]	Utilizar clorhexidina ao 0,12% como antiséptico bucal.	**MODERADA** (GPC SAS, 2011).[5]
[R]	Utilizar produtos barreira da mucosa e axentes protectores da mucosa 34.	**MOI BAIXA** (NUT HOPS, 2005).[36]
[R]	Avaliar o estado de nutrición individualmente e continua ata a curación.	**ALTA** (GPC SAS, 2011).[5]
[BP]	Recoméndase que a achega calórica non exceda o 200% do gasto enerxético estimado.	**MOI BAIXA** (GPC SAS, 2011).[5]
[R]	Os pacientes queimados recibirán unha achega proteica elevada.	**MODERADA** (GPC SAS, 2011).[5]
[BP]	Recoméndase o emprego preferente da nutrición enteral.	**MOI BAIXA** (NUT HOPS, 2005).[36] (JPEN, 2002).[37]
[R]	A nutrición enteral debe administrarse de forma precoz.	**BAIXA** (GPC SAS, 2011).[5]
[BP]	Recoméndase achega de glicosa.	**MOI BAIXA** (GPC SAS, 2011).[5]

[E]	A vendaxe dos dedos farase un a un, para evitar a adherencia entre eles.	**MOI BAIXA** (COCHRANE, 2004).[40]
[E]	Gardar as substancias cáusticas en lugares seguros, lonxe do alcance dos nenos.	**MOI BAIXA** (COCHRANE, 2004).[40]
[E]	Ten coidado co manexo de líquidos quentes en presenza de menores.	**MOI BAIXA** (COCHRANE, 2004).[40]
[BP]	Incrementar a difusión dunha cultura preventiva en queimaduras.	**MOI BAIXA** (COCHRANE, 2004).[40]
[BP]	A mortalidade maior é en menores de tres anos.	**MOI BAIXA** (COCHRANE, 2004).[40]
[BP]	O dano máis grave é por inmersión en líquidos quentes e por lume.	**MOI BAIXA** (COCHRANE, 2004).[40]
[BP]	A cociña e o baño son os sitios onde se presentan con maior frecuencia as queimaduras.	**MOI BAIXA** (GPC SAS, 2011).[5]

11 BIBLIOGRAFÍA

1 Chávez Suárez M.ª A., Navarro Wallmark B. G., Peralta Pedrero M.ª L., Soto Morales J. C., Torres Cortés M., Treviño García M. A. *Diagnóstico y tratamiento del paciente gran quemado*. México: Secretaria de Salud; 2008.

2 Abad P., Acosta D., Martínez Ibáñez V., Lloret J., Patiño B., Gubern LL., et al. *Quemaduras en la infancia. Trascendencia social a las puertas del 2000*. Cir. Pediatr. 2000; 13: 97-101.

3 Pérez Boluda M. T., Martínez Torreblanca P., Pérez Santos L., Cañadas Núñez F. *Guía de práctica clínica para el cuidado de personas que sufren quemaduras*. Sevilla: Servicio Andaluz de Salud; 2011.

4 Formación Médica Continuada. *Protocolo de tratamiento de las quemaduras en Atención Primaria*. FMC. 2010; 17 (4). [Acceso 30 de enero de 2016]. Dispoñible en: http://xa.yimg.com/kq/groups/23009980/1464829695/name/quemaduras+protocolos+aps.pdf.

5 Petit Jornet J. M., Teixidó Vidal X. *Guía actualizada para la atención del paciente quemado en la emergencia y la urgencia*. Gijón: Adaro Tecnología; 2005.

6 Palau Dómenech R., coordinador. *Quemados. Valoración y criterios de actuación* (1ª ed.). Barcelona: Marge Médica Books; 2009.

7 Hudspith J., Rayatt S. *First aid and treatment of minor burns*. BJM. 2004; 328: 1487.

8 Rodríguez I. C. *Hidratación cutánea: conceptos generales e implicaciones cosméticas*. En: Máster en Dermofarmacia y Cosmetología (5ª ed.). Universidad de Barcelona. 2005; 3: 130-59.

9 Fábregas A., Del Pozo A. *Conceptos básicos de hidratación cutánea (IV)*. Hidratación activa: Humectantes. OFFARM. 2007; 26(1): 128-9.

10 García Fernández F. P., Pancorbo Hidalgo, P. L., Rodríguez Torres M. C., Bellido Vallejo J. C. *¿Agua del grifo para la limpieza de heridas?* Evidentia. 2005 sept-dic; 2(6). [Acceso mayo de 2013]. Dispoñible en: http://www.index-f.com/evidentia/n6/r143articulo.php.

11 Morilla Herrera J. C., Martín Santos F. J., Blanco Morgado J., Morales Asencio J. M. *Guía de práctica clínica para el manejo de la integridad cutánea: úlceras por presión*. Málaga: Servicio Andaluz de Salud. Distrito Sanitario de Málaga; 2005. p.22-5.

12 New Zeeland Guidelines Group. Management of Burns and Scalds in Primary Care. Evidence - Based Best Practique Guideline Summary; 2007.

13 Pérez M. T., Lara J., Ibáñez J., Cagigal L., León C. M. *Guía de Actuación ante el paciente quemado*. Málaga: Servicio andaluz de Salud. Hospital Regional Universitario Carlos Haya; 2006.

14 Sargent R. L. *Management of Blisters in the Partial-Thickness Burn: An Integrative Research Review*. Journal of burn Care & Research. 2006; 27 (1): 1-122.

15 Bugmann P., Taylor S., Gyger D., Lironi A., Genin B., Vunda A. et al. *A silicone-coated nylon dressing reduces healing time in burned paediatric patients in comparison with standard sulfadiazine treatment: a prospective randomized trial*. Burns. 1998; 24 (7): 609–12.

16 García Fernández F. P., Pancorbo Hidalgo P. L., Verdu Soriano J., Soldevilla Agreda J. J., Rodriguez Palma M, Gago Fornells, et al. *Eficacia de los productos para el tratamiento de las úlceras por presión: una revisión sistemática con metaanalisis*. Gerokomos. 2007; 18 (1): 36-48.

17 Woo K., Price P., Harding K., Sibbald G. *Pain experience during dressing change comparing two foam dressings*. Ostomy Wound Management. 2007; 53(4):83-96.

18 Kavanagh S., De Jong A. *Care of burn patients in the hospital*. Burns. 2004; 1 (1): A2-A6.
19 Seeley J., Jensen J. L., Hutcherson J. *A randomized clinical study comparing a hydrocellular dressing to a hydrocolloid dressing in the management of pressure ulcers*. Ostomy Wound Manage. 1999; 45 (6): 39-44,46-7.
20 Gotschall C. S., Morrison M. I. S., Eichelberger M. R. *Prospective, randomized study of the ef_ cacy of Mepitel on children with partial-thickness scalds*. Journal of Burn Care & Rehabilitation. 1998; 19(4):279-83.
21 De los Santos González E. *Guía básica para el tratamiento del paciente quemado*. [monografía de internet]. 2005. [Acceso mayo de 2016]. Dispoñible en: http://www.indexer.net/quemados.
22 Bendlin A., Linares H. A., Benaim F. *Tratado de Quemaduras*. México: Ed. Interamericana-McGraw- Hill; 1993.
23 Kavanagh S., De Jong A. *Care of burn patients in the hospital*. Burns. 2004; 1 (1): A2-A6.
24 De Santi L. *Pathophysiology and Current Management of Burn Injury*. Advances in Skin & Wound Care. 2005; 18 (3):323-32.
25 Garner J. P., Heppell P. S. J. *Cerium nitrate in the management of burns*. 2005; 31(5): 539-47.
26 Peters D. A., Verchere C. *Healing at Home: comparing cohorts of children with medium-sized burns treated as outpatients with in-hospital applied Acticoat(tm) to those children treated as inpatients with silver sulfadiazine*. Journal of Burn Care & Research. 2006; 27 (2): 198-201.
27 Varas R. P., O'Keefe T., Namias N., Pizano L. R., Quintanan O. D., Tellachea M. H., et al. *A prospective, randomized trial of Acticoat versus silver sulfadiazine in the treatment of partial thickness burns: which method is less painful?* Journal of Burn Care and Rehabilitation. 2005; 26(4):344-7.
28 Gómez Daza B., Díaz de Florez L., Luna Acevedo A. C. *Cuidado en enfermería para la persona adulta quemada en etapa aguda*. Guías ACOFAEN. Biblioteca Las casas, [Revista en línea]. 2005; 1. [Acceso mayo de 2016]. Dispoñible en: http://www.index-f.com/lascasas/documentos/lc0029.php.
29 Osborn K. *Nursing burn injuries*. Nursing Manegement. 2003; 34(5): 49-56.
30 *Eficacia de los productos de protección solar y a las declaraciones sobre los mismos*. Recomendación de la Comisión Europea de 22 de septiembre de 2006 (2006/647/CE). Diario Oficial de la Unión Europea, nº L 265, (26/09/2006): 39-43. [Acceso mayo de 2016]. Dispoñible en: http://www.aemps.gob.es/cosmeticosHigiene/cosmeticos/docs/recomendacion_pSolares_sept06.pdf.
31 Shear N. *Tratamiento de las cicatrices con maquillajes correctores*. En: Kenneth A. Tratamiento de las cicatrices. (1º Ed.) Madrid: Elsevier España; 2007. p. 123-32.
32 Ministerio de Salud. *Guía Clínica Urgencia Odontológica Ambulatoria*. Santiago: Minsal; 2007. [Guía online]. [Acceso mayo de 2016]. Dispoñible en: http://es.scribd.com/doc/58870830/17/Tratamiento.
33 Herrera D., Roldán S., Santacruz I., O´Connor A., Sanz M. *Actividad antimicrobiana en saliva de cuatro colutorios con clorhexidina*. Periodoncia. 2001; 11:193-202.
34 Innocenti M., Moscatelli G., Lopez S. *Efficacy of Gelclair in reducing pain paliative care patients with oral lesion: preliminary findings from an open pilot study*. J Pain Symp. Manag. 2002; 24:456-7.
35 Miquet L. M., Rodriguez R., Barreto J., Santana. *Estado de la provisión de cuidados nutricionales al paciente quemado: Auditoría de procesos en un Servicio de Quemados de un hospital terciario*. Nut Hosp. 2008; 23(4): 354-65.

36 Grau Carmona T., Rincon Ferrari M.ª D., Garcia Labajo D. *Nutrición artificial en el paciente quemado*. Nut Hosp. 2005; 20(suppl.2): 44-6.
37 *ASPEN Board of Directors: Guidelines for the use of parenteral and enteral nutrition in adult and pediatric patients*. JPEN. 2002; 26(suppl. 1): 88SA-90SA.
38 Chearelle A., Enxi G., Valeris A.: *Very early enteral supplementation in burned patients*. Am J Clin Nutr. 1990; 51: 1035-1039.
39 Chiareli A., Siliprandi L. Burns. In: Zaloga GP, ed. *Nutrition in Critical Care*. St. Louis, MO: Mosby; 1994. p. 587-599.
40 Turner C., Spinks A., McClure R. J., Nixon J. *Community-based interventions for the prevention of burns and scalds in children*. Cochrane of Systematic Reviews. 2004; 2. DOI: 10.1002/14651858.CD004335.pub2.
41 Nuñez V., García-López L. R., Jiménez S., Reyes J. *Diagnóstico y tratamiento inicial de quemaduras en menores de 18 años de edad en el primer nivel de atención*. México: CENETEC; 2008.
42 Cuenca-Pardo, J. *Factors in Burn Children. Epidemiologial Study of the Burn Unit at the "Magdalena de las Salinas" Traumatology Hospital*. J Burn Care Res. 2008; 29(3):468-74
43 Langstein H. N., Duman H., Seelig D., Butler C. E., Evans G. R. D. *Retrospective study of the management of chemotherapeutic extravasation injury*. Ann Plast Surg. Octubre de 2002;49(4):369-74.
44 Goolsby T. V., Lombardo F. A. *Extravasation of chemotherapeutic agents: prevention and treatment*. Semin Oncol. Febrero de 2006;33(1):139-43.
45 Schulmeister L. *Extravasation management: clinical update*. Semin Oncol Nurs. Febrero de 2011;27(1):82-90.
46 Sauerland C., Engelking C., Wickham R., Corbi D. *Vesicant extravasation part I: Mechanisms, pathogenesis, and nursing care to reduce risk*. Oncol Nurs Forum. noviembre de 2006;33(6):1134-41.
47 Susser W. S., Whitaker-Worth D. L., Grant-Kels J. M. *Mucocutaneous reactions to chemotherapy*. J. Am Acad Dermatol. Marzo de 1999;40(3):367-98; quiz 399-400.
48 Doellman D., Hadaway L., Bowe-Geddes L. A., Franklin M., LeDonne J., Papke-O'Donnell L., et al. *Infiltration and extravasation: update on prevention and management*. J. Infus Nurs Off Publ Infus Nurses Soc. 2009;32(4):203-11.
49 Tsavaris N. B., Komitsopoulou P., Karagiaouris P., Loukatou P., Tzannou I., Mylonakis N., et al. *Prevention of tissue necrosis due to accidental extravasation of cytostatic drugs by a conservative approach*. Cancer Chemother Pharmacol. 1992;30(4):330-3.
50 Bertelli G. *Prevention and management of extravasation of cytotoxic drugs*. Drug Saf. 1995;12(4):245-55.
51 Loth T. S., Eversmann W. W. *Treatment methods for extravasations of chemotherapeutic agents: a comparative study*. J Hand Surg. 1986;11(3):388-96.
52 Larson D. L. *Treatment of tissue extravasation by antitumor agents*. Cancer. 1982;49(9):1796-9.

12 ANEXO

ANEXO 1
ALGORITMO SOPORTE VITAL BÁSICO DE ADULTOS



Fonte: Adaptación do *Manual de soporte vital avanzado en urxencias prehospitalarias*. Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia- 061

Guías 2010 para a resucitación cardiopulmonar do Consello Europeo de Resucitación – European Resuscitation Council

12 TRADUCCIÓN ANEXO

ANEXO 1
ALGORITMO SOPORTE VITAL BÁSICO DE ADULTOS

Soporte Vital Básico
Segundo recomendacións 2010 do Eurpean Resucitation Council

Non responde?

Abra a vía aérea

Grite pedindo axuda

Respira normalmente?

NON

Chame ao 112

30 comprensións torácicas
2 ventilacións
30:2

Se dispón dela DESFIBRILACIÓN AUTOMÁTICA (DEA)	1. Acenda o DEA 2. Coloque os parches 3. Siga as instrucións das súas mensaxes

SI

POSICIÓN DE RECUPERACIÓN

30:2

Vostede pode evitar unha morte prematura!

ÍNDICE DE FOTOS E IMÁXENES

- **Foto 1: cedida por Josep Petit**.
- **Foto 2: cedida por Josep Petit**.
- **Foto 3:** fonte propia.
- **Foto 4:** fonte propia.
- **Foto 5:** fonte propia.
- **Foto 6:** fonte propia.
- **Foto 7:** fonte propia.
- **Foto 8:** fonte propia.
- **Foto 9:** fonte propia.
- **Foto 10:** fonte propia.
- **Foto 11:** fonte propia.
- **Foto 12:** fonte propia.
- **Foto 13:** fonte propia.
- **Foto 14:** fonte propia.
- **Figuras 1, 2, 3 y 4:** extraídas da cita bibliográfica nº 4.
- **Figura 5:** extraída da dirección electrónica: https://es.wikipedia.org/wiki/Quemadura.
- **Figura 6:** fonte propia. CHUAC.
- **Regra do 1 (palma da man):** fonte propia.

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE SANIDADE

SERVIZO GALEGO de SAÚDE

galicia

Servizo Galego de Saúde

Asistencia Sanitaria
Guías

62
D

XUNTA DE GALICIA